

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 09 de decembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e corenta e cinco minutos do día nove de decembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Regades Fernández (por resolución do 7/12/16) coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora xeral acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1273).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1274).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS PARA A PLATAFORMA UNIFICADA DE ALMACENAMENTO. EXPTE. 7909/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 7/12/16, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento (7909-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 28 de novembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan por incorporar ao sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 9.B da FEC (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación), segundo consta no informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica do 25 de novembro de 2016:

1. ACUNTIA, S.A.
2. SUMINISTROS, IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (SERMICRO)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
EDNON, S.L.	79,97
COREMAIN, S.L.U.	73,90
TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	72,24
INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.	70,38
SIVSA, SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.A.U.	61,62
INFORHOUSE, S.L.	57,76
ASAC COMUNICACIONES, S.L.	42,59

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.

Cuarto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.023,76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(1275).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO SU PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O ANO 2016:OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA. EXPTE. 14053/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19/10/16 e o informe de fiscalización do 28/11/16, dáse conta do informe-proposta do 09/12/16, da técnica de Xestión da Alcaldía, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Con data 28 de outubro a Intervención Xeral remite unha dilixencia cunha serie de observacións ao expediente:

- 1. corrección da partida orzamentaria que aparece no convenio*
- 2. a non existencia dun orzamento de ingresos e gastos da asociación*

Unha vez subsanados, o funcionario que asina, ten a ben informar o seguinte,

I.- Con data 08 de xaneiro de 2016 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito da representación da Asociación de Axuda ao Enfermo Mental (DOA), solicitando a concesión dunha subvención, destinada ao fomento da súa actividade social no ano 2016, e en concreto para o obradoiro de cartón-pedra, coiro e serigrafía.

II.- Ao dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:

- *Memoria das actividades realizadas e a realizar.*
- *Orzamento de gastos e de ingresos.*
- *Certificacións de carecer de débedas co Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.*
- *Declaración responsable sobre axudas concedidas.*
- *Copia dos estatutos da asociación.*
- *Copia do DNI do presidente da asociación.*
- *CIF asociación.*
- *Certificación bancaria.*
- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.*

III.- En data 25.08.16, o Concelleiro delegado de Xestión municipal ordena que se inicie a tramitación dun expediente para a concesión da subvención de 7.290 € para cubrir as demandas dos servizos e actividades da Asociación para o citado programa no ano 2016. En concreto, a axuda para os gastos ocasionados pola realización do obradoiro de cartón-pedra, coiro e serigrafía.

IV.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe, como subvencións nominativa a favor da Asociación de Axuda ao Enfermo Psíquico, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00, a cantidade de 7.290 euros.

Segundo.- Actividade da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA

A **ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA**, é unha Asociación sen ánimo de lucro que se regula pola Lei Orgánica de Asociacións 1/2002, de 22 de marzo e os seus propios Estatutos, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co núm. 1987/001524-1

Xunto coa solicitude da Asociación, a Técnica de Xestión de Alcaldía, segundo encomenda de funcións, e co conforme do Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, Recursos Humanos Administración electrónica e Patrimonio redacta "**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O ANO 2016: OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFIA**", xuntando borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA, para a financiación do seu proxecto social a través dunha subvención nominativa. Na citada Memoria descríbese o proxecto a desenvolver pola Asociación e para o que se solicita unha subvención de 7.290 euros.

Con estes antecedentes, o servizo técnico da Alcaldía procede á redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos
- Lei 30/1992, de 30 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

- *Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais*
- *Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións*
- *RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*
- *D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia*
- *Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2016*
- *ETT da Asociación*

2.- A actividade de fomento

*A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola **ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA** para o desenvolvemento da súa actividade de interese público e social, enmárcase dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: “1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrencia e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria”; “2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local. 3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á finalidade prevista”.*

3.- Natureza da subvención

Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de interese social.

Este carácter está xustificado na Memoria elaborada por este servizo técnico na que se xustifica o interese público e social do proxecto.

4.- Competencia municipal

O artigo 25. 2. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu apartado 2 que: “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: e) avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social.

A competencia municipal xustifícase en que o art 25 LRBRL, remite a unha lei específica para determinar a competencia municipal propia, garantindo, segundo punto quinto do citado artigo, que non hai unha atribución simultánea da mesma competencia a outra

administración pública. A Disposición transitoria segunda Lei 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, dispón que, con data 31 de diciembre de 2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiación autonómica e das Facendas Locais, as Comunidades Autónomas asumirán a titularidade das competencias que se preveían como propias do Municipio, relativas á prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social. As Comunidades Autónomas asumirán a titularidade destas competencias, con independencia de que o seu exercizo se viñese realizando polos Municipios. Se naquela data as Comunidades Autónomas non asumisen o desenvolvemento dos servizos, estes seguirán prestándose polo concello con cargo á Comunidade Autónoma.

Nembargantes, tal competencia seguirá sendo exercida, en aplicación da disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, polos municipios, en tanto no se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesmada citada disposición adicional.

5.- Convenio regulador

De acordo co disposto nos artigos 37.2 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas nominativas.

En canto ó seu contido, axústase á lexislación de subvencións, artigos 28.3 LXS, 26.2 LSG e 40 RLSG, e Base 38.4 das de execución dos vixentes Orzamentos do Concello. As súas determinacións estímense conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido:

- Definición do obxecto da subvención, execución da actividade da Asociación.
- Beneficiario e modalidade de axuda, a través dunha achega económica
- Crédito presupostario ao que se imputa o gasto e a contía da subvención
- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade
- Prazos e modos de pago da subvención
- Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos
- Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión
- Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Intervención, polo Tribunal de Contas e polo el Consello de Contas no exercizo de súa funcións de fiscalización e control do destino das subvencións

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 40.2 RLSG. Trataríase de fomentar a actividade de prestación de servizos sociais, prevención, cooperación e social cunha axuda económica a unha Asociación da que se pode predicar, pola súa propia natureza, o interese social que precisa a actividade subvencionable.

6.- Publicidade

Darase ao presente acordo a publicidade exisida polo art. 8.1.c) da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións información detallada da subvención (obxecto ou finalidade da mesma, identificación dos beneficiarios, importe das subvención, resolución no seu caso de reintegro e sancións no seu caso impostas)

7.- Competencia

*Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: **orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo.***

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá formularse proposta de aprobación e emitir informe a Asesoría xurídica e Intervención Xeral do Concello sobre as operacións orzamentarias ou contables que proceda executar .

De conformidade cos artigos 10.4 LXS, e 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión da subvención e do convenio, con carácter previo, á aprobación do gasto (artigo 31 LSG)

Por todo o exposto, fórmulase á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte

PROSPOSTA

- 1. Autorizar o gasto por importe de 7.290 euros, a favor da **ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA** , con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00 (Asociación de Axuda ao Enfermo Psíquico), en concepto de subvención para o seu programa, e en concreto para a realización do obradoiro de cartón-pedra, coiro e serigrafía. A entrega da subvención á **ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA** realizarase contra a presentación das memorias xustificativas e de avaliación das programacións correspondentes actividade citada, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, que deberá ter lugar con data límite do 09 de decembro de 2016”.*
- 2. “Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a **ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA**, que rexerá a subvención para coadxuvar á execución do seu programa para o ano 2016, como axuda para os gastos ocasionados polo obradoiro de cartón-pedra, coiro e serigrafía , e isto con cargo á partida 912.0.480.00.00 “Asociación de axuda ao enfermos Psíquicos”, do vixente orzamento, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo, texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA QUE HABERÁ DE REXIR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR

DESTA PARA O DESENVOLVEMENTO DO SÉU PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O ANO 2016: OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFIA.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaséis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, don. Abel Caballero Álvarez, designado na sesión do Pleno da Corporación do día 13 de xuño de 2015, e que actúa en representación do Concello de acordo aos artigos 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local 7/85 (en diante LRBRL) e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en diante LALGA)

Doutra parte D. LEOPOLDO ROBLA ALVAREZ Presidente da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) C I F num G 36044295 . e enderezo social na rúa Romil 84 da cidade de Vigo.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a **ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA** é unha entidade se ánimo de lucro, que conta entre as súas competencias a prestación de axuda humanitaria, conforme ó establecido na L 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, como a prevención, cooperación social e fomento de actividade social.

II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de avaliación e información de situacións de necesidade social, que lle reconece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como a execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade, desexa promover e colaborar economicamente na execución do programa da **ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA**, a executar no ano 2016.

III.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe unha aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00 (Asociación de Axuda aos Enfermos Psíquicos), a prol da **ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA**, cunha cantidade de 7.290 euros.

IV.- Que a **ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado ó efecto.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A **ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA** comprométese a realizar e xustificar o programa de actividades para o ano 2016, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 14053/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades previstos pola asociación no seu programa, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa **ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA** na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos sociais na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da **ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA** (revista, web, redes sociais etc).

3º.- Conceder á **ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA** unha subvención por importe de 7.290 € con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00 (Asociación de axuda aos enfermo psíquicos), mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas coa súa programación durante o ano 2016.

A entrega da subvención á **ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA** realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación da programación correspondente á actividade realizada no ano 2016, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, con data límite do 09 de decembro de 2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2016.

A **ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA** achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo.- A beneficiaria, con data límite do día 09 de decembro de 2016, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais (que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 44.5000 euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.

A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2016.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante y o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2016.

4(1276).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO CO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES, PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O ANO 2016. EXPTE. 14341/101

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19/10/16 e o informe de fiscalización do 30/11/16, dáse conta do informe-proposta do 09/12/16, da técnica de Xestión da Alcaldía, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Con data 30 de novembro a Intervención Xeral remite fiscalizado correctamente o presente expediente, pero facendo unha corrección:

1. *“Devolto o expediente a esta Intervención, subsanáronse as observacións realizadas por esta Intervención con data 7 de novembro, a excepción da relativa á substitución do gasto de mobiliario por outro, polo que procede minorar a subvención proposta nesta cantidade, é dicir resulta unha subvención conceder pola cantidade de 33.000 €”*

Por todo o anterior, o funcionario que asina, ten a ben informar o seguinte,

ANTECEDENTES

I.- Con data 26 de maio de 2016 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito da representación da asociación do INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES, solicitando a concesión dunha subvención, nas condicións que esta Administración municipal considere convintes, para o desenvolvemento da súa actividade.

II.- Ao dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:

- *Memoria das actividades realizadas e a realizar.*
- *Orzamento de gastos e de ingresos.*
- *Certificacións de carecer de débedas co Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.*
- *Declaración responsable sobre axudas concedidas.*
- *Copia dos estatutos da asociación.*
- *Copia do DNI do presidente da asociación.*
- *CIF asociación.*
- *Certificación bancaria.*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.*

III.- En data 25.08.16, o Concelleiro delegado de Xestión municipal ordena que se inicie a tramitación dun expediente para a concesión da subvención de 37.000 € para cubrir as demandas dos servizos e actividades da Asociación para o citado programa no ano 2016.

IV.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe, como subvencións nominativa a favor do INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.01, a cantidade de 37.000 euros.

V.- Con data 30-11-2016 a Intervención Xeral realiza unha retención de crédito por importe de 33.000 €.

Segundo.- Actividade do Instituto de Estudos Vigueses

O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES , é unha Asociación sen ánimo de lucro que se regula pola Lei Orgánica de Asociacións 1/2002, de 22 de marzo e os seus propios Estatutos.

Xunto coa solicitude da Asociación, a Técnica de Xestión de Alcaldía, segundo encomenda de funcións, e co conforme do Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, Recursos Humanos Administración electrónica e Patrimonio redacta “MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACION HISTORICA E DIVULGATIVA DA CIDADE, xuntando borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e o INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES , para a financiación do seu proxecto cultural a través dunha subvención nominativa. Na citada Memoria descríbese o proxecto a desenvolver polo Instituto e para o que se solicita unha subvención de 37.000 euros.

Con estes antecedentes, o servizo técnico da Alcaldía procede á redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Lexislación aplicable

- *Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos*
- *Lei 30/1992, de 30 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común*
- *Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia*
- *Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)*
- *Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo*

- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local*
- *RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)*
- *Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais*
- *Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións*
- *RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*
- *D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia*
- *Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2016*
- *ETT da Asociación*

2.- A actividade de fomento

*A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal polo **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** para o desenvolvemento da súa actividade de interese público e cultural, enmárcase dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: “1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrencia e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria”; “2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local. 3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á finalidade prevista”.*

3.- Natureza da subvención

Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de interese social.

Este carácter está xustificado na Memoria elaborada por este servizo técnico na que se xustifica o interese público e social do proxecto.

4.- Competencia municipal

O artigo 25. 2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu apartado 2 que: “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: m) promoción da cultura e equipamentos culturais.

A competencia municipal xustifícase en que o art 25 LRBRL, remite a unha lei específica para determinar a competencia municipal propia, garantindo, segundo punto quinto do citado artigo, que non hai unha atribución simultánea da mesma competencia a outra administración pública.

5.- Convenio regulador

De acordo co disposto nos artigo 37.2 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia , o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas nominativas.

En canto ó seu contido, axústase á lexislación de subvencions, artigos 28.3 LXS, 26.2 LSG e 40 RLSG, e Base 38.4 das de execución dos vixentes Orzamentos do Concello. As súas determinacións estímanse conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido:

- Definición do obxeto da subvención, execución da actividade da Asociación.*
- Beneficiario e modalidade de axuda, a través dunha achega económica*
- Crédito presupostario ao que se imputa o gasto e a contía da subvención*
- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade*
- Prazos e modos de pago da subvención*
- Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos*
- Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión*
- Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Intervención, polo Tribunal de Contas e polo el Consello de Contas no exercizo de súa funcións de fiscalización e control do destino das subvenciones*

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 40.2 RLSG. Trataríase de fomentar a actividade de prestación de servizos sociais, prevención, cooperación e social cunha axuda económica a unha Asociación da que se pode predicar, pola súa propia natureza, o interese social que precisa a actividade subvencionable.

6.- Publicidade

Darase ao presente acordo a publicidade exisida polo art. 8.1.c) da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións información detallada da subvención (obxecto ou finalidade da mesma, identificación dos beneficiarios, importe das subvención, resolución no seu caso de reintegro e sancións no seu caso impostas)

7.- Competencia

*Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: **orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo.***

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá formularse proposta de aprobación e emitir informe a Asesoría xurídica e Intervención Xeral do Concello sobre as operacións orzamentarias ou contables que proceda executar .

De conformidade cos artigos 10.4 LXS, e 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión da subvención e do convenio, con carácter previo, á aprobación do gasto (artigo 31 LSG)

Por todo o exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte

PROPOSTA

- 1. Autorizar o gasto por importe de 33.000 euros, a favor do **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES**, con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.01 (Convenio Instituto de Estudos Vigueses), en concepto de subvención para o seu programa de actividades durante o ano 2016. A entrega da subvención ao **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** realizarase contra a presentación das memorias xustificativas e de avaliación das programacións correspondentes das actividades citadas, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, que deberá ter lugar con data límite do día 09 de decembro de 2016”.*
- 2. “Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES**, que rexerá a subvención para coadxuvar á execución do seu programa para o ano 2016, e isto con cargo á partida 912.0.480.00.01 “Convenio Instituto de Estudos Vigueses”, do vixente orzamento, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo, texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES QUE HABERÁ DE REXIR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DESTA PARA O DESENVOLVEMENTO DO SÉU PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O ANO 2016.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaséis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, don. Abel Caballero Álvarez, designado na sesión do Pleno da Corporación do día 13 de xuño de 2015, e que actúa en representación do Concello de acordo aos artigos 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local 7/85 (en diante LRBRL) e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en diante LALGA)

Doutra parte D. Xoan Carlos Abad Gallegoo, presidente do INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES C I F núm. G 27767524 . e enderezo social na rúa Cánovas del Castillo 2 – 2º da cidade de Vigo.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** é unha entidade se ánimo de lucro, que conta entre as súas competencias fomentar, vincular, publicitar e publicar o labor de creación e investigación do Instituto, cuxa temática abarca as diferentes ramas das ciencias, técnicas, artes, etc, en todas as súas variadas e múltiples manifestacións que teñan relación con Vigo e a súa Comarca en especial, e con Galicia en xeral

II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución do programa do **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** , a executar no ano 2016.

III.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe unha aplicación orzamentaria 912.0.480.00.01 (Convenio Instituto Estudos Vigueses), a prol do **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** , cunha cantidade de 37.000 euros.

IV.- Que o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado ó efecto.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- O **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** comprométese a realizar e xustificar o programa de actividades para o ano 2016, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 14341/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades previstos pola asociación no seu programa, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar có **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos culturais na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción do **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES**(revista, web, redes sociais etc).

3º.- Conceder ao **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** unha subvención por importe de 33.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.01 (Convenio Instituto Estudos Vigueses), mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade e previa

fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas coa súa programación durante o ano 2016.

A entrega da subvención ao **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación da programación correspondente ás actividades realizadas no ano 2016, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, con data límite do día 09 de decembro de 2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2016.

O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo.- A beneficiaria, con data límite do día 09 de decembro de 2016, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais (que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 44.5000 euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os

xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.

A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2016.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016. O incumprimento dos acordos estipulados neste convenio poderá significar a súa cancelación, previa comunicación das partes cunha antelación mínima de 15 días.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante y o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ____ de 2016.

5(1277).- SUBVENCIÓN MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA) PARA A REALIZACIÓN DAS XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DOS DISTINTOS CENTROS DE AGASFRA E AS SÚAS FAMILIAS. EXPTE. 14040/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 05/12/16 e o informe de fiscalización do 07/12/16, dáse conta do informe-proposta do 09/12/16,

da técnica de Xestión da Alcaldía, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

I.- Con data 11 de maio de 2016 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito da representación da Asociación Galega San Francisco (AGASFRA), solicitando a concesión dunha subvención, destinada ao fomento da súa actividade social no ano 2016, e en concreto para as xornadas de convivencia entre as persoas con discapacidade intelectual dos distintos centros de AGASFRA e as súas familias.

Xornadas que inclúen festa de verán, magosto, festa de nadal,....

II.- Ao dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:

- *Memoria das actividades realizadas e a realizar.*
- *Orzamento de gastos e de ingresos.*
- *Certificacións de carecer de débedas co Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.*
- *Declaración responsable sobre axudas concedidas.*
- *Copia dos estatutos da asociación.*
- *Copia do DNI do presidente da asociación.*
- *CIF asociación.*
- *Certificación bancaria.*
- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.*

III.-En data 09.11.16, o Concelleiro delegado de Xestión municipal ordena que se inicie a tramitación dun expediente para a concesión da subvención de 7.000 € para cubrir as demandas dos servizos e actividades da Asociación para o citado programa no ano 2016. En concreto, a axuda para os gastos ocasionados polas xornadas de convivencia entre as persoas con discapacidade intelectual dos distintos centros de AGASFRA e as súas familias.

IV.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe a aplicación orzamentaria 912.0.489.00.02 para subvencións por razóns humanitarias ou sociais, son saldo adecuado e suficiente.

Segundo.- Actividade da ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)

A ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA) , é unha Asociación sen ánimo de lucro que se regula pola Lei Orgánica de Asociacións 1/2002, de 22 de marzo e os seus propios Estatutos, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co núm. 67-1/1998, no rexistro Nacional de Asociacións có número 8.696, declarada de utilidade pública polo estado o 25-07-1971), inscrita no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia có número E-0111, declarada Vigués Distinguida o 13-03-1998 e premio provincia de Pontevedra 2008 á Labor Social cedido pola Excm. Diputación de Pontevedra o 07-08-2008.

Entre os seus **fins** están:

- conseguir a efectiva realización da promoción integral da persoa con discapacidade, en materia de asistencia social, sanitaria, educativa e laboral, residencial, cultural, deportiva
- fomentar e potenciar o movemento asociativo de pais e familiares afectados , implicándoos nos obxectivos e fins da asociacións.
- promocionar, amparar ou tutelar oda serie de centros e servizos que facien e realicen un laborde prevención e atención precoz das persoas con discapacidade.
- planificar e programar todo o que poida redundar na máis perfecta e equilibrada achega aos beneficiarios.
- representar aos seus memebros no ámbito municipal, autonómico, nacional, de unión europea e internacional, ben directamente ou a través de organismos cós que a asociación estea vinculada ou se relacione.

As **actividades subvencionables** descríbense na memoria presentada, e consiten básicamente en actividades de fomento da convivencia entre as persoas con discapacidade intelectual e as súas familias.

Con estes antecedentes, o servizo técnico da Alcaldía procede á redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos
- Lei 30/1992, de 30 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia
- Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2016
- ETT da Asociación

2.- A actividade de fomento

A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)** para o desenvolvemento da súa actividade de interese público e social, enmárcase dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: "1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrencia e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria"; "2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen ou substitúan aos atribuídos á competencia local. 3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á finalidade prevista".

3.- Natureza da subvención

Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de interese social.

Este carácter está xustificado na Memoria elaborada por este servizo técnico na que se xustifica o interese público e social do proxecto.

4.- Competencia municipal

O artigo 25. 2. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu apartado 2 que: "O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: e) avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social.

A competencia municipal xustifícase en que o art 25 LRBRL, remite a unha lei específica para determinar a competencia municipal propia, garantindo, segundo punto quinto do citado artigo, que non hai unha atribución simultánea da mesma competencia a outra administración pública. A Disposición transitoria segunda Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, dispón que, con data 31 de decembro de 2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiación autonómica e das Facendas Locais, as Comunidades Autónomas asumirán a titularidade das competencias que se preveían como propias do Municipio, relativas á prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social. As Comunidades Autónomas asumirán a titularidade destas competencias, con independencia de que o seú exercizo se viñese realizando polos Municipios. Se naquela data as Comunidades Autónomas non asumisen o desenvolvemento dos servizos, estes seguirán prestándose polo concello con cargo á Comunidade Autónoma.

Nembargantes, tal competencia seguirá sendo exercida, en aplicación da disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, polos municipios, en tanto no se dean as condicións

previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesmada citada disposición adicional.

5.- Convenio regulador

De acordo co disposto nos artigo 37.2 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia , o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas nominativas.

En canto ó seu contido, axústase á lexislación de subvencions, artigos 28.3 LXS, 26.2 LSG e 40 RLSG, e Base 38.4 das de execución dos vixentes Orzamentos do Concello. As súas determinacións estímense conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido:

- Definición do obxecto da subvención, execución da actividade da Asociación.
- Beneficiario e modalidade de axuda, a través dunha achega económica
- Crédito presupostario ao que se imputa o gasto e a contía da subvención
- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade
- Prazos e modos de pago da subvención
- Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos
- Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión
- Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Intervención, polo Tribunal de Contas e polo el Consello de Contas no exercizo de súa funcións de fiscalización e control do destino das subvenciones

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 40.2 RLSG. Trataríase de fomentar a actividade de prestación de servizos sociais, prevención, cooperación e social cunha axuda económica a unha Asociación da que se pode predicar, pola súa propia natureza, o interese social que precisa a actividade subvencionable.

6.- Publicidade

Darase ao presente acordo a publicidade exisida polo art. 8.1.c) da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións información detallada da subvención (obxecto ou finalidade da mesma, identificación dos beneficiarios, importe das subvención, resolución no seu caso de reintegro e sancións no seu caso impostas)

7.- Competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: **orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo.**

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá formularse proposta de aprobación e emitir informe a Asesoría xurídica e Intervención Xeral do Concello sobre as operacións orzamentarias ou contables que proceda executar .

De conformidade cos artigos 10.4 LXS, e 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión da subvención e do convenio, con carácter previo, á aprobación do gasto (artigo 31 LSG)

Por todo o exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte

PROSPOSTA

1. Autorizar o gasto por importe de 7.000 euros, a favor da **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)**, con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.489.00.02 (Subvencións por razóns humanitarias ou sociais), en concepto de subvención para o seu programa, e en concreto para as xornadas de convivencia entre as persoas con discapacidade intelectual dos distintos centros de AGASFRA e as súas familias. A entrega da subvención á **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)** realizarase contra a presentación das memorias xustificativas e de avaliación das programacións correspondentes actividade citada, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, que deberá ter lugar con data límite o día 09 de decembro de 2016”.
2. “Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)**, que rexerá a subvención para coadxuvar á execución do seu programa para o ano 2016, como axuda para os gastos ocasionados polas xornadas de convivencia entre as persoas con discapacidade intelectual dos distintos centros de AGASFRA e as súas familias, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.02 “Subvencións por razóns humanitarias ou sociais”, do vixente orzamento, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo, texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA) PARA A REALIZACION DAS XORNADAS DE CONVIVENZA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DOS DISTINTOS CENTROS DE AGASFRA E AS SÚAS FAMILIAS.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaséis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, don. Abel Caballero Álvarez, designado na sesión do Pleno da Corporación do día 13 de xuño de 2015, e que actúa en representación do Concello de acordo aos artigos 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local 7/85 (en diante LRBRL) e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en diante LALGA)

Doutra parte D. ELADIO FERNANDEZ PEREZ Presidente da ASOCIACION GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA) C I F num G 36613891 . e enderezo social na rúa Cangas 14-36209 da cidade de Vigo.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)** é unha entidade se ánimo de lucro, que conta entre as súas competencias a prestación de axuda social, conforme ó establecido na L 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, como a prevención, cooperación social e fomento de actividade social.

II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de avaliación e información de situacións de necesidade social, que lle recoñece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como a execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade, desexa promover e colaborar economicamente na execución do programa da **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)** , a executar no ano 2016.

III.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe unha aplicación orzamentaria 912.0.489.00.02 (Subvención por razóns humanitarias ou sociais), con saldo adecuado e suficiente.

IV.- Que a **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado ó efecto.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)** comprométese a realizar e xustificar o programa de actividades para o ano 2016, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 14040/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades previstos pola asociación no seu programa, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)** na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos sociais na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)** (revista, web, redes sociais etc).

3º.- Conceder á **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)** unha subvención por importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.489.00.02 (Subvencións por razóns humanitarias ou sociais), mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas coa súa programación durante o ano 2016.

A entrega da subvención á **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)** realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación da programación correspondente á actividade realizada no ano 2016, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, con data límite do 09 de decembro de 2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2016.

A **ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA)** achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo.- A beneficiaria, con data límite do día 09 de decembro de 2016, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais (que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se

admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.

A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2016.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016. O incumprimento dos acordos estipulados neste convenio poderá significar a súa cancelación, previa comunicación das partes cunha antelación mínima de 15 días.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante y o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2016.

6(1278).- SUBVENCIÓN MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE “RUTA MARÍTIMA O CABALEIRO DAS CUNCHAS” NO ANO 2016. EXPTE. 14532/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/11/16 e o informe de fiscalización do 07/12/16, dáse conta do informe-proposta do 09/12/16, da técnica de Xestión da Alcaldía, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“En data 29.11.2016 a Intervención Xeral condiciona a fiscalización do expediente á subsanación dos seguintes puntos:

- 1. Declaración do representante legal da non existencia de outras axudas para o mesmo proxecto*
- 2. Certificado actualizado de estar ao corrente coas obrigas tributarios có Concello*
- 3. Orzamento de gastos e ingresos asinado por representante legal*

Unha vez subsanados os puntos sinalados, remítese a Intervención Xeral para a súa fiscalización, informándose o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- I.- *En data 29.09.2016, Javier Grande Pérez, presenta solicitude de axuda do Concello de Vigo á Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, acompañando a documentación preceptiva para acreditar a condición de beneficiaria dunha subvención directa pola citada Asociación, segundo artigo 13 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

A dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:

- *Memoria da actividade a desenvolver*
- *Orzamento de gasto e de ingresos.*
- *Certificacións de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.*
- *Declaración responsable de non contar con outro tipo de axuda.*
- *Copia dos estatutos da Asociación e inscricións administrativas*
- *Copia do DNI do presidente e representante legal da Asociación*
- *CIF sociedade.*
- *Certificación bancaria.*
- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.*

II.- *En data 16.10.2016 amplía a solicitude aportando balance do proxecto e certificación bancaria.*

III.- *En data 16.11.2016, o Concelleiro delegado de Xestión municipal ordena iniciar expediente para a tramitación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia para a execución da ruta marítima Cabaleiro das Cunchas no ano 2016.*

IV.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe, na aplicación orzamentaria 912.0.489.00.04, crédito para conceder directamente, segundo procedemento establecido nos artigos 26 LSG e 67 Regulamento da lei xeral de subvencións, unha subvención por razón sociais e de interese público, tal é en concreto a recuperación, promoción, defensa e difusión da “traslatio”, esto é, a ruta marítimo xacobeá pola que viaxa o corpo decapitado do apóstolo Santiago a Galicia, así como axudara e colaborar no desenvolvemento da tradición xacobeá no ámbito marítimo dende Haifa ata Santiago de Compostela.

Segundo.- Proxecto “Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas”

I.- A Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, é unha Asociación con personalidade xurídica e capacidade de obrar creada en data 22.03.2010, que se rixe pola Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación e os seus propios Estatutos e demais normas aplicables, sen ánimo de lucro.

*Xunto coa solicitude da Asociación, a Xefatura da Área de xestión patrimonial e territorial, en funcións de sinatura técnica superior no ámbito da unidade administrativa de Alcaldía, e co conforme do Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, Recursos Humanos Administración electrónica e Patrimonio redacta “**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOLO SANTIAGO A GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO** ”Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas ”, xuntando borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Asociación, para a financiación do proxecto cultural e social “Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas”, a través dunha subvención directa. Na citada Memoria descríbese o proxecto a desenvolver pola Asociación para o que se solicita unha subvención de 10.000 euros*

Con estes antecedentes, o servizo técnico da Alcaldía procede á redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos*
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas*
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia*
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)*
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo*
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local*
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)*
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais*
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións*
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións*

- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*
- *D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia*
- *Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2016*
- *ETT da Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia*

2.- A actividade de fomento

A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia para o desenvolvemento da súa actividade de interese público, cultural e social , enmárcase dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: “1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrència e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria”; “2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local. 3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á la finalidade prevista”.

3.- Natureza da subvención

Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de interese social.

Este carácter está xustificado na Memoria elaborada por esta Xefatura de Área en base ás conclusións reflectadas no informe da técnica de Turismo de data 03.11.2016, no que se xustifica o interese público do proxecto que dificulta a súa convocatoria pública: “...temos que recoñecela como un valor añadido ao Camiño de Santiago e que polo tanto merece o recoñecemento de xeración de interese turístico para o Camiño e en concreto para a cidade de Vigo”

4.- Competencia municipal

O artigo 25. 2. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local atribúe ás Administracións municipais competencia materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e na letra “m” a promoción da cultura. Asemade a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2.n, regula como unha competencia local, a xestión de actividades culturais e a ocupación do tempo libre e o turismo.

A competencia municipal xustifícase en que o art 25 LRBRL, remite a unha lei específica para determinar a competencia municipal propia, garantindo, segundo punto quinto do citado artigo, que non hai unha atribución simultánea da mesma competencia a outra administración pública. A Disposición adicional primeira Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local , dispón que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei , (tal é o caso, en canto o artigo 80.2 da Lei 5/1997, de Administración local de

Galicia, atribúe ós Concellos como competencia propia na letra “n”, a xestión de actividades culturais e a ocupación do tempo libre e o turismo) , continuarán exercíndoas elas, rexíndose pola indicada lexislación.

5.- Procedemento de concesión directa

A posibilidade da concesión directa a subvención a Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, está prevista expresamente nos artigos 22.2. letra “c” da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 letra “c” da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 40 do Regulamento da Lei galega de subvencións, con carácter excepcional, dado o interese público municipal, social, cultural e histórico da actividade que dificulta a súa convocatoria pública:

A tramitación da subvención polo procedemento excepcional de concesión directa fundaméntase, ademais da súa singularidade: “subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social...que dificulten a súa convocatoria pública”. Xustificado queda no informe da técnica de turismo o interese público municipal do proxecto. O interese social radica en que o desenvolvemento dun produto de turismo, constituí unha boa ferramenta para coñecer a orixe e evolucionar da cidade e un factor de desenvolvemento para o territorio e a propia poboación local, contribuíndo a xenerar ingreso para esta e as súas iniciativas empresariais.

A dificultade da súa convocatoria pública radica no feito de especialidade do produto turístico e as súas connotacións sociais. Dunha parte a Asociación tenta recuperar a ruta marítima Xacobeas dende o ano 1988, como unha especificidade do renacemento xacobeo actual acaecido en España dende finais da década de 1980 que ten traído un aumento espectacular na cantidade de peregrinos, casi equiparable ós mellores tempos medievais do século XII. Doutra parte esta iniciativa, combina o elemento turístico coa historia dos camiños xacobeos e as lendas e tradicións galegas en canto ó traslado do corpo decapitado do apóstolo, tratando de reproducir as distintas embarcacións a ruta seguida dende a Haifa a Santiago de Compostela. Estas dous características dotan ó proxecto dunha singularidade que dificulta a súa convocatoria pública.

6.- Convenio regulador

De acordo co disposto no artigo 40.1 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia , o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas por razóns de interese público, social.

En canto ó seu contido, axústase á lexislación de subvencións, artigos 65.3 LXS, 26.2 LSG e 40 RLSG, e Base 38.4 das de execución dos vixentes Orzamentos do Concello. As súas determinacións estímense conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido:

- Definición do obxecto da subvención, execución do proxecto cultural “Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas”, con indicación do seu carácter singular e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario ou aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, segundo informe da técnica de Turismo e Memoria do convenio*
- Beneficiario e modalidade de axuda, Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, a través dunha achega económica*
- Crédito presupostario ao que se imputa o gasto e a contía da subvención*
- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade*

- *Prazos e modos de pago da subvención*
- *Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos*
- *Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión*
- *Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Intervención, polo Tribunal de Contas e polo el Consello de Contas no exercizo de súa funcións de fiscalización e control do destino das subvenciones*

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 40.2 RLSG. Trataráse de crear un produto de turismo cultural cuxa finalidade é abrir e reproducir a ruta seguida polo corpo do apóstolo Santiago a Galicia, sendo un elemento turístico nado das lendas e tradicións galegas e comenzo da cultura xacobeá.

Trataráse dunha ruta náutica, aberta e estable, para peregrinos afeccionados a navegar e para recreo e disfrute de navegantes.

7.- Publicidade

Darase ao presente acordo a publicidade exisida polo art. 8.1.c) da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións información detallada da subvención (obxecto ou finalidade da mesma, identificación dos beneficiarios, importe da subvención, resolución no seu caso de reintegro e sancións no seu caso impostas)

8.- Competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: **orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo.**

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá formularse proposta de aprobación e emitir informe a Asesoría xurídica e Intervención Xeral do Concello sobre as operacións orzamentarias ou contables que proceda executar .

De conformidade cos artigos 10.4 LXS, e 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión da subvención e do convenio, con carácter previo, á aprobación do gasto (artigo 31 LSG)

Por todo o exposto, fórmase á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte

PROPOSTA

1. Autorizar o gasto por importe de 10.000 euros, a favor da Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, con cargo á aplicación orzamentaria aplicación orzamentaria 912.0.489.00.04, "outras subvencións", en concepto de subvención para desenvolver o proxecto turístico "Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas" no ano 2016. A entrega da subvención a Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, realizarase segundo procedemento e prazos previstos no convenio regulador, debendo no seu tempo presentar as memorias xustificativas e de avaliación das accións correspondentes á actividade realizada no ano 2016, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, que deberá ter lugar con data límite do día 09 de decembro de 2016".

2. "Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, que rexerá a subvención directa

segundo vixentes orzamentos do Concello de Vigo para coadxuvar á execución do proxecto cultural “Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas” a desenvolver no ano 2016; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia QUE HABERÁ DE REXIR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DESTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE “Ruta marítima o Cabaleiro das Cunchas” NO ANO 2016.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaséis

REUNIDOS

Dunha parte, o **Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez**, designado na sesión do Pleno da Corporación do día 13 de xuño de 2015, e que actúa en representación do Concello de acordo aos artigos 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local 7/85 (en diante LRBRL) e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en diante LALGA).

Doutra parte D. Javier Grande Pérez, Presidente e representante legal da **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** CIF núm.G 27742485 e enderezo no número 1 da rúa San Miguel da cidade de Vigo.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento do presente convenio e

EXPOÑEN

I.- Que a **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** é unha Asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e capacidade de obrar, que se rixe pola Lei Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación e os seus propios Estatutos e demais normas aplicables.

A Asociación está inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, co núm. 2010/014305-1, no Rexistro municipal de Asociacións con núm. 1133-11 e no Rexistro de entidades de promoción do Camiño de Santiago co núm. 192.

Os seus fins teñen un carácter cultural e social sendo o seu propósito a recuperación, promoción, defensa e difusión da “traslatio”, isto é, a ruta marítimo xacobeana pola que viaxa o corpo do apóstolo Santiago a Galicia, así como axudar e colaborar no desenvolvemento da tradición xacobeana no ámbito marítimo dende Haifa ata Santiago de Compostela.

Entre as actividades para o desenvolvemento destes fins inclúese na súa norma fundacional:

- tódalas aquelas que redunden en beneficio da Tradición xacobeana en xeral, e da traslatio, en particular, todos aqueles que estén relacionados coa tradición e historia da Traslatio e do Camiño de peregrinación a Santiago de Compostela.

II.- Que a **Alcaldía de Vigo**, coñecedora desas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local atribúe ás Administracións municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e a promoción da cultura, no seu art 27.2 letras “h” e “m”, desexa promover e colaborar economicamente na execución do proxecto **“Ruta marítima o**

Cabaleiro das Cunchas”, produto de turismo cultural cuia finalidade é a recuperación e difusión da ruta marítimo xacobeá pola que viaxa o corpo decapitado do apóstolo Santiago a Galicia, así como axudar e colaborar no desenvolvemento da tradición xacobeá no ámbito marítimo dende Haifa ata Santiago de Compostela.

III.- O vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 912.0.489.00.04, *Outras subvencións*”, crédito para conceder directamente, segundo procedemento establecido no artigo 67 Regulamento da Lei xeral de subvencións, unha subvención por razón sociais e de interese público, como é en concreto divulgar na sociedade a ruta marítimo xacobeá.

O Concello de Vigo considera que o proxecto **“Ruta marítima o Cabaleiro das Cunchas”** ten un interese público, cultural e social en tanto combina o elemento turístico coa historia dos camiños xacobeos e as lendas e tradicións galegas

O Concello de Vigo entende que o desenvolvemento dun produto de turismo, constituí unha boa ferramenta para coñecer a orixe e evolucionar da cidade e un factor de desenvolvemento para o territorio e a propia poboación local, contribuíndo a xenerar ingreso para esta e as súas iniciativas empresariais.

IV.- Que **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei xeral de subvencións e específica de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os interventores, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** comprométese a

1º.- Realizar e xustificar a realización do proxecto cultural e social de turismo **“Ruta marítima o Cabaleiro das Cunchas”** para o ano 2016, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 14532/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades ou accións previstas pola Fundación no citado proxecto, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros válidos para desenvolver o citado proxecto.

2º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando canta información lle sexa requerida no exercizo destas funcións.

3º.- Adoptar as medidas de difusión previstas no sexto pacto.

Segundo.- **O CONCELLO DE VIGO**, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar con **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización do proxecto de turismo industrial **“Ruta marítima o Cabaleiro das Cunchas”** na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe institucional nos ámbitos de promoción da **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** (revista, folletos, web, redes sociais, etc).

3º.- Conceder á **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** unha subvención por importe de 10.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.489.00.04, "Outras subvencións " mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación da actividade social "Ruta marítima o Cabaleiro das Cunchas" a executar no ano 2016.

O aboamento da subvención á **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación do programa realizado no ano 2016, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, con data límite do día 09 de decembro de 2016, con desglose de cada un dos gastos incurridos.

4º.- Comunicar á Base de Datos Nacional de Subvencións información detallada da subvención (obxecto ou finalidade da mesma, identificación dos beneficiarios, importe das subvención, resolución no seu caso de reintegro e sancións no seu caso impostas), sistema nacional de publicidade das subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sen prexuízo da súa publicación segun do disposto no artigo 8 da citada Lei.

Terceiro.- Esta subvención non será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada

Sesto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta Asociación ano 2016.

A Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo.- A beneficiaria, con data límite do día 09 de decembro de 2016, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos

recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais (que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 14.982,25 euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.

A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2016.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante e o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2016.

7(1279).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA, COORDINADOR DE SEGURIDADE E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA. EXPTE. 15643/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 7/12/16, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de xullo de 2016, acordou aprobar o "EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA, EN BASE AO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. EXPTE. 15119/333".

2.- A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de novembro de 2016, entre outros asuntos acordou propoñer á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a MONDO IBERICA, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña(15119-333) por un prezo de 168.649,80 €(IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 156 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

3.- En base á adxudicación realizada pola Xunta de Goberno Local, deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o presente informe-proposta..

IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo, especifica a dita cláusula do PCAP as funcións da dirección facultativa e dispón que a dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección das obras de referencia que concorre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.

V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión desta actuación na estrutura da Área de Deportes do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación, ata a recepción das obras, aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Deportes; razóns polas

cales se propón á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP disposición do artigo 127.2 LRBRL que debe entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, para o caso da previa aprobación pola mesma da proposta da Mesa de Contratación de 09/11/2016, sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA, EN BASE AO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. EXPTE. 15119/333, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: aprobar o nomeamento como titulares da dirección facultativa da obra de "RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA, EN BASE AO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. EXPTE. 15119/333, e como coordinadores de seguridade e saúde, aos arquitectos municipais Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

Segundo: delegar no concelleiro-delegado da Área de Deportes a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, a aceptación do Plan de Xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de Traballo, a aprobación do Plan de Calidade e a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

Terceiro.- A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación da obras de "RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA, EN BASE AO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. EXPTE. 15119/333" e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día

seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1280).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA VI CARREIRA SOLIDARIA NOCTURNA E BEMBRIVE “MEMORIAL MANUEL DALMEIDA”, O VINDEIRO SÁBADO 10 DE DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 15577/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 29/11/16, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A Entidade Local Menor de Bembrive, co CIF(P-3600009-I), solicitou o día 4-11-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160149263), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: VI CARREIRA SOLIDARIA NOCTURNA DE BEMBRIVE “MEMORIAL MANUEL DALMEIDA”*
- *Data: 10 de decembro de 2016*
- *Horario: A partir das 19.30h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro sábado 10 de decembro de 2016. A proba comezará ás 19.30h, e terá o percorrido seguinte: saída dende a Praza do Mosteiro (Estrada de Bembrive), rúa da Igrexa, Subida a Monte Calvario, rúa Mandín, Camiño Novelos, Camiño de Espedrás e volta a Estrada de Bembrive onde rematará

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Seguridade*

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo

339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a Entidade Local Menor de Bembrive, co CIF(P-3600009-I), a organizar a proba deportiva denominada VI CARREIRA SOLIDARIA NOCTURNA DE BEMBRIVE "MEMORIAL MANUEL DALMEIDA", o vindeiro sábado 10 de decembro de 2016, a partir das 19.30h, co percorrido seguinte: saída dende a Praza do Mosteiro (Estrada de Bembrive), rúa da Igrexa, Subida a Monte Calvario, rúa Mandín, Camiño Novelos, Camiño de Espedrás e volta a Estrada de Bembrive onde rematará a carreira.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1281).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA XVI EDICIÓN DO CROSS ESCOLAR MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO, O VINDEIRO DOMINGO 11 DE DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 15070/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 2/12/16, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A Agrupación Viguesa de Atletismo, CIF (G36645109), solicitou o día 17-11-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160155593), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XVI EDICION CROSS ESCOLAR MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO
- Data: 11 de decembro de 2016
- Horario: DE 10.15H A 13.30H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 11 de decembro de 2016. A proba comezará ás 10.15h, cunha duración aproximada de tres hoas. O cross se levará a cabo integramente no Parque de Castrelos.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Festas
- Montes, Parques e Xardíns

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Agrupación Viguesa de Atletismo, CIF (G36645109), a organizar a proba deportiva denominada XVI EDICIÓN DO CROSS ESCOLAR MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO, o vindeiro domingo 11 de decembro de 2016, en horario de 10.15 a 13.30 horas, O cross se levará a cabo integramente no Parque de Castrelos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1282).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA XI SUBIDA AO CASTRO, O VINDEIRO DOMINGO 11 DE DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 15071/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 30/11/16, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Singletack Outdoor Sports, CIF (G36850378), solicitou o día 29-04-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160055036), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XI SUBIDA AO CASTRO
- Data: 11 de decembro de 2016
- Horario: DE 12.00H A 13.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 11 de decembro de 2016. A proba comezará ás 12.00h, cunha duración aproximada de unha hora. Esta proba terá o percorrido seguinte:saída dende a rúa Montero Rios, para seguir por García Olloqui, Luis Taboada, Areal, Montero Rios, Beiramar, Teófilo Llorente, Escalera de A

Pedra, Cárcere Vella, Oliva, Pza da Igrexa, Real, Pza de Almeida, Méndez Núñez, Misericordia, Elduayen, Pza de Argüelles, Pza Calatrava, Ferrería, Escaleras, Pza do Abánico, San Sebastián, Escaleras, Castelo de San Sebastián, Calexón Estreiro, Pza do Rei, Camelias, Cronista Xosé Alvarez Blázquez, Paseo de Rosalía de Castro, Entrada ao Castelo pola porta norte, para rematar no interior do Castelo.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local*
- Seguridade*

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a Singletack Outdoor Sports, CIF (G36850378), a organizar a proba deportiva denominada XI SUBIDA AO CASTRO, o vindeiro domingo 11 de decembro de 2016, en horario de 12.00 a 13.00 horas, co percorrido seguinte: Montero Rios, para seguir por García Olloqui, Luis Taboada, Areal, Montero Rios, Beiramar, Teófilo Llorente, Escalera de A Pedra, Cárcere Vella, Oliva, Pza da Igrexa, Real, Pza de Almeida, Méndez Núñez, Misericordia, Elduayen, Pza de Argüelles, Pza Calatrava, Ferrería, Escaleras, Pza do Abánico, San Sebastián, Escaleras, Castelo de San Sebastián, Calexón Estreiro, Pza do Rei, Camelias, Cronista Xosé Alvarez Blázquez, Paseo de Rosalía de Castro, Entrada ao Castelo pola porta norte, para rematar no interior do Castelo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1283).- RESOLUCIÓN SOBRE A SUSPENSIÓN SOLICITADA DO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL IMPUGNADO, DE DATA 7/10/16, EN RELACIÓN CO REQUIRIMENTO DE CUMPRIMENTO DE OBRIGA DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS AO PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A. E OS SEUS ADMINISTRADORES E ACCIONISTAS. EXPTE. 1035/330.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 1/12/16, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e responsable do contrato, e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura do Concello de Vigo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 6 de marzo de 2006, acordou adxudicar o contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, ás mercantís Testa Inmuebles S.A., Caixanova, hoxe Abanca Corporación Bancaria S.A., Puentes Concesiones S.L., Sacyr S.A.U., Expacontra S.A., e Puentes y Calzadas S.A., por prazo de trinta e cinco (35) anos, ampliado posteriormente a sesenta (60) anos, coa obriga de constituír unha sociedade anónima de nova creación para a execución do contrato; sociedade anónima que, co nome de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., foi constituída por escritura pública de 19 de abril de 2006, outorgada ante o notario de Vigo don Miguel Lucas Sánchez, co número 808 do seu protocolo.

2. O Consello de Administración de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., na súa sesión de data 21 de xullo de 2016, acordou comunicar ao Xulgado do mercantil competente o inicio de negociacións cos acredores da Sociedade, para acadar un acordo de refinanciación ou, no seu caso, para obter unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos no artigo 5 Bis da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal; acordo, á vista do cal, a Xunta de Goberno Local, con data de 7 de outubro de 2016, en base ás consideracións de feito e de dereito que se conteñen na súa parte expositiva, adoitou o que segue:

«Primeiro.- Solicitar do Xulgado do Mercantil núm. 3 da provincia de Pontevedra, con sede en Vigo se informe a esta Administración municipal de Vigo se a mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A. comunicou a ese xulgado o inicio de negociacións cos acredores da Sociedade para acadar un acordo de refinanciación ou, no seu caso, para obter unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos no artigo 5 Bis da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal.

Segundo.- Para o caso de que tal comunicación fora realizada procédase ao personamento do Concello de Vigo nas actuacións iniciadas a consecuencia da mesma.

Terceiro.- Iguamente, no caso de que a comunicación de negociacións fora realizada, requírase da mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A., dos seus administradores e das mercantís accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. o cumprimento da obriga das accionistas desta de proceder ao saneamento patrimonial de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., prevista na cláusula 20.7 do PCAP do contrato, para o caso de que as ditas negociacións non acadaran o resultado pretendido; obriga de saneamento patrimonial, a cargo dos accionistas, para cuxo cumprimento se fixará o prazo de quince días a contar do vencemento do prazo de tres meses, desde a eventual comunicación ao xulgado, que o artigo 5 bis. 5 da Lei Concursal concede ao debedor para alcanzar os acordos que xustificaron a comunicación».

Este acordo municipal foi notificado a todos os interesados no contrato de concesión de obra pública, á vez que se lles practicou a estes o requirimento nel disposto, e contra o mesmo, Pazo de Congressos de Vigo, S.A. interpuxo, en prazo hábil, recurso de reposición, fun-

dado na inesixibilidade tanto legal como contractual da obriga de saneamento patrimonial cuxo cumprimento lles require o órgano de contratación.

A recorrente, tras expoñer as razóns polas que considera que as accionistas non teñen unha obriga permanente de cubrir as necesidades financeiras da mercantil titular da concesión, defende non so anulabilidade do acordo recurrido por esta razón, senón, tamén, a súa nulidade de pleno dereito, conforme ao artigo 47.1 da LPAC-AP —actos dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio— ao entender que o dito requirimento foi adoitado por órgano manifestamente incompetente, dado que —afirma— A Xunta de Goberno Local non ten atribuída ningunha competencia para esixir dos accionistas da Concesionaria a obriga de levar a cabo calquera tipo de achega adicional de fondos para facer fronte a unha situación de insolvencia, unha vez construída a obra pública e en explotación

Aduce a recorrente neste apartado, en apoio da inesixibilidade da obriga de saneamento patrimonial das súas accionistas, que resulta determinante que «el PCAP al definir los incumplimientos que pudieran dar lugar a una infracción grave del propio PCAP (artículo 68), en ningún momento se haga referencia al potencial incumplimiento de la mencionada aportación de fondos. Teniendo el presunto incumplimiento de aportación de fondos la trascendencia y la gravedad que se indican en el propio Acuerdo, hubiera resultado lógico que el artículo 68 hubiera identificado el mismo como un supuesto claro y determinante de una posible infracción grave». E engade que «la no tipificación de dicho potencial incumplimiento de aportación adicional de fondos para hacer frente a una situación de insolvencia, una vez construída y en explotación la obra pública, como una infracción grave, pone de manifiesto que el PCAP no lo exigía, y por tanto la Junta de Gobierno Local carece de toda competencia para llevar a cabo el requerimiento notificado e impugnado».

Invoca, tamén, a recorrente que a obriga permanente das accionistas de cubrir as necesidades financeiras de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. é incompatible co feito de que o PCAP admita como causa de resolución do contrato as previstas no artigo 264 TRLCAP, entre as que figura o concurso de acredores como causa de resolución necesaria do contrato cando se declara a fase de liquidación da concursada.

De no admitirse estos argumentos —conclúe a recorrente— nos atoparíamos ante a resolución do contrato de concesión de obra pública, por causa imputable ao concesionario, que tería como consecuencia a xeneración de danos e perdas para a concesionaria de difícil ou imposible reparación.

Todo o cal —nulidade de pleno dereito do acordo impugnado e danos e perdas de difícil ou imposible reparación— xustificaría, na tesis da recorrente, a suspensión do acordo impugnado que expresamente solicita por medio de Otrosí no seu escrito de recurso.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primeira.- A solicitude de suspensión do acto recorrido que se formula no recurso de reposición de referencia carece manifestamente de fundamento e debe ser rexeitada, por canto nin o órgano que dictou o acto recorrido é incompetente por razón da materia para adoitado o requirimento impugnado, nin os prexuízos que se poden derivar da execución do acto son de difícil ou imposible reparación. Os demais argumentos que se aducen no recurso a epígrafe dedicado a xustificar a nulidade de pleno dereito que se invoca no acto

recorrido se dirixen a insistir na inexistencia da obriga de saneamento patrimonial requirida por este Concello; argumentos que, como veremos, nin son aceptables nin permiten xustificar a suspensión solicitada.

Segunda.- En primeiro lugar, porque a competencia é o conxunto de atribucións, funcións e potestades que o Ordenamento xurídico atribúe a un ente ou a un órgano administrativo con preferencia o con exclusión de cualquier otro ente u órgano administrativo; conxunto de atribucións, funcións e potestades, que na Administración municipal de Vigo e na materia que nos ocupa —a contractual— corresponden a súa Xunta de Goberno Local, que é o órgano de contratación desta Administración municipal, o órgano que representa ao Concello de Vigo en materia contractual; e isto calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo. Así o dispoñía o artigo 127.1.f) para os municipios de grande poboación, como é o de Vigo, introducido pola Ley 57/2003, de 16 de decembro e, actualmente, se establece na disposición adicional 2.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público e do seu Texto Refundido, aprobado por RDL 3/2011, de 14 de novembro.

O requirimento impugnado é un requirimento de cumprimento dunha obriga contractual, a cargo das accionistas de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. de proceder ao saneamento patrimonial desta, que nace dun contrato de concesión de obra pública, adxudicado pola Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo. Daquela, a competencia para adotalo, por razón da materia contractual a que se refire, corresponde ao órgano de contratación do Concello de Vigo: a súa Xunta de Goberno Local.

A recorrinte, tras tratar de xustificar que tal obriga de saneamento patrimonial non existe nin é, daquela, esixible, ven a dicir que si tal obriga non existe nin é esixible o requirimento municipal é contrario a Dereito e como ningún órgano administrativo ten competencia para dictar actos administrativos contrarios a Dereito, o requirimento impugnado é nulo de pleno dereito, porque é manifesto que a Xunta de Goberno Local non ten competencia para dictar actos contrarios a dereito.

Este argumento ignora o que é a competencia do órgano administrativo por razón da materia e constitúe un claro sofisma, que conduciría a cualificar todos os actos anulables como nulos de pleno dereito por manifesta incompetencia do órgano administrativo, pois ningún órgano tería competencia para dictar un acto anulable.

A competencia obxectiva por razón da materia é conxunto de atribucións, funcións e potestades que, por razón da natureza destas, son atribuídas polo Ordenamento xurídico a un ente ou a un órgano administrativo con preferencia ou con exclusión de calquera outro; atribución que non decae polo feito de que os actos dictados no exercizo da mesma incurran en vicio de nulidade ou anulabilidade. Tales vicios permitiran a revisión administrativa ou xurisdiccional dos actos en que concurran, pero en modo algún alterán a competencia do órgano.

Pero, é que nin o requirimento é anulable, pois a obriga contractual de saneamento cuxo cumprimento se require resulta claramente do PCAP reitor do contrato, nin o órgano administrativo competente en materia de contratación do Concello de Vigo é outro que a Xunta de Goberno Local.

Terceira.- Tampouco os prexuízos que se derivarían da execución do acto impugnado, cuxa suspensión se solicita, serían de difícil ou imposible reparación se este fose eventualmente anulado: trataríase dun dano puramente económico, que pola súa contía sería perfectamente compensable, cos correspondentes xuros de mora, por esta Administración municipal e asumible polas accionistas, adxudicatarias do contrato de concesión de obra pública, habida conta da solvencia económica acreditada por estas no momento da adxudicación do contrato.

Polo demais, o incumprimento da obrigaón de saneamento patrimonial a que se refire o requirimento impugnado se ben é causa de resolución do contrato, non exclúe o seu cumprimento tardío na primeira fase do concurso, unha vez nomeado o administrador concursal.

Cuarta.- Os demais argumentos aducidos no recurso a propósito da nulidade de pleno dereito que se invoca no acto recorrido, dirixidos a insistir na inexistencia da obriga de saneamento patrimonial requirida por esta Administración municipal, deben ser igualmente rexeitados.

Porque, non cabe confundir o que son as penalidades contractuais, ou cláusulas penais contractuais, co que é o incumprimento das obrigas esenciais do contrato. As primeiras refírense a un defectuoso cumprimento do contrato e teñen como consecuencia a tanto a esixencia do correcto cumprimento do mesmo como a imposición da pena contractual pecuniaria sinalada no PECAP, en función da súa gravidade. As segundas, pola contra refírense e afectan ao cumprimento do contrato mesmo, de tal xeito que o seu incumprimento culpable provoca a resolución do contrato, con incautación da fianza e a indemnización dos danos e perdas causados. Así resulta do artigo 264 TRLCAP/2000, que no seu apartado j) sinala como causa de resolución do contrato o abandono, a renuncia unilateral así como o incumprimento polo concesionario das súas obrigas contractuais esenciais.

O incumprimento culpable da repetida obriga de saneamento patrimonial pertence á segunda categoría e a súa sanción é a resolución do contrato, con incautación da fianza e a indemnización dos danos e perdas causados do contrato, con incautación da fianza e a indemnización dos danos e perdas causados.

E porque, de acordo TRLCAP/2000, son causas de resolución do contrato de concesión de obra pública as que o artigo 264 do seu texto enumera e, daquela, o son tamén do contrato que nos ocupa e, polo tanto, tamén o concurso. Agora ben, se o concurso ten lugar polo incumprimento das obrigas esenciais do contrato, a causa de resolución do contrato será esta e non o concurso ou a apertura da fase de liquidación da sociedade, que marcarán o momento do inicio do expediente de resolución do contrato, pero pola causa do incumprimento das obrigas esenciais do contrato —que de terse cumprido terían evitado o concurso— e non polo posterior concurso que o incumprimento provoca.

So o concurso de acredores das accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., que impedira o cumprimento das súas obrigas de saneamento patrimonial da titular da concesión, sería causa extintiva do contrato por concurso de acredores.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Rexeitar a suspensión da execución do acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de outubro de 2016, polo que se acordou requirir de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e dos seus administradores e accionistas, o cumprimento, no prazo que no acordo recorrido se sinala, da obriga de saneamento patrimonial contemplada no prego de cláusulas administrativas do contrato de concesión de obra pública da que a recorrente é titular; suspensión que foi solicitada no recurso de reposición interposto contra o dito acordo por Pazo de Congresos de Vigo, S.A., con data 11 de novembro de 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1284).- IMPUGNACIÓN DO ACORDO DO 18/11/16 DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A., QUE RESOLVE SOLICITAR A DECLARACIÓN DESTA MERCANTIL EN CONCURSO VOLUNTARIO DE ACREDORES. EXPTE. 1045/330.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 5/12/16, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e responsable do contrato, e conformado letrado da Asesoría Xurídica e o concelleiro-delegado da Área de Cultura do Concello de Vigo, que di o seguinte:

INFORME-PROPOSTA

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 6 de marzo de 2006, acordou adxudicar o contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, ás mercantís Testa Inmuebles S.A., Caixanova, hoxe Abanca Corporación Bancaria S.A., Puentes Concesiones S.L., Sacyr S.A.U., Expacontra S.A., e Puentes y Calzadas S.A., coa obriga de constituír unha sociedade anónima de nova creación para a execución do contrato; sociedade anónima que, co nome de Pazo de Congresos de Vigo, S.A., foi constituída por escritura pública de 19 de abril de 2006, outorgada ante o notario de Vigo don Miguel Lucas Sánchez, co número 808 do seu protocolo.

2. O Consello de Administración de Pazo de Congresos de Vigo, S.A., na súa sesión de data 21 de xullo de 2016, acordou comunicar ao Xulgado do mercantil competente o inicio de negociacións cos acredores da Sociedade, para acadar un acordo de refinanciación ou, no seu caso, para obter unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos no artigo 5 Bis da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal. Á vista desta resolución, a Xunta de Goberno Local, con data de 7 de outubro de 2016, en base ás consideracións de feito e de dereito que se conteñen na súa parte expositiva, acordou, requirir da mercantil Pazo de Congresos de Vigo, S.A., dos seus administradores e das súas accionistas, o cumprimento da obriga destas últimas de proceder ao saneamento patrimonial de Pazo de Congresos de Vigo, S.A., prevista na cláusula 20.7 do PCAP do contrato, no caso de que as ditas negociacións non acadaran o resultado pretendido; obriga de saneamento patrimonial, a cargo dos accionistas, para cuxo cumprimento se fixou o prazo de quince días a contar do vencemento

do prazo de tres meses, desde a comunicación ao xulgado, que o artigo 5 bis. 5 da Lei Concursal concede ao debedor para alcanzar os acordos que xustificaron a comunicación.

3. Este acordo municipal foi notificado a todos os interesados no contrato de concesión de obra pública, á vez que se lles practicou a estes o requirimento nel disposto, e contra o mesmo, Pazo de Congresos de Vigo, S.A. interpuxo, en prazo hábil, recurso de reposición, fundado na inesixibilidade tanto legal como contractual da obriga de saneamento patrimonial cuxo cumprimento lles require o órgano de contratación.

4. Porén, o Consello de Administración de Pazo de Congresos de Vigo, S.A., en sesión de 18 de novembro de 2016, incumprindo o requirimento formulado pola Xunta de goberno Local, acordou solicitar do Xulgado do Mercantil a declaración en concurso de acredores da dita mercantil, sen requirir previamente aos accionistas da mesma o cumprimento da súa obriga de saneamento patrimonial de Pazo de Congresos, S.A.

5. O artigo 251 do Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, sobre a impugnación de acordos do consello de administración, dispón que:

«1. Os administradores poderán impugnar os acordos do consello de administración ou de calquera outro órgano colexiado da administración, no prazo de trinta días desde a súa adopción. Igualmente poderán impugnar tales acordos os socios que representen o un por cento do capital social, no prazo de trinta días desde que tiveran coñecemento dos mesmos e sempre que non transcorrera un ano desde a súa adopción.

2. As causas de impugnación, a súa tramitación e efectos rexiranse conforme ao establecido para a impugnación dos acordos da xunta xeral, coa particularidade de que, neste caso, tamén procederá por infracción del regulamento do consello de administración.

6. Pola súa parte, o artigo 204.1 do mesmo texto, en relación aos acordos sociais impugnables, dispón que:

«Son impugnables os acordos sociais que sexan contrarios á Lei, se opoñan aos estatutos, ou ao regulamento da xunta da sociedade ou lesionen o interese social en beneficio de un ou varios socios ou de terceiros».

7. O incumprimento por parte do Consello de Administración de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. da esixencia ás mercantís accionistas da mesma, do cumprimento da obriga de saneamento patrimonial establecida no PCAP do contrato de concesión para la construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, constitúe un incumprimento dos estatutos da sociedade, que, no seu artigo 1, establecen que a mercantil Pazo de congresos de Vigo, S.A. rexerese polos ditos estatutos, polo Texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas e polo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do devandito contrato.

8. E, daquela, como acordo contrario aos estatutos, a dita resolución é un acordo impugnabile e é impugnabile polo Concello de Vigo, pois, se ben o artigo 251 do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, atribúe a lexitimación para impugnar os acordos do Consello de Administración aos administradores e aos socios que representen o un por cento do capital social, o PCAP do contrato de concesión e os estatutos de Pazo de

Congresos de Vigo, S.A. atribúen tamén aos representantes designados da Administración municipal o dereito a asistir ao Consello de Administración, sen ostentar a condición de conselleiro, pero cos mesmos dereitos dos conselleiros salvo o de voto, e, por tanto, tamén o de impugnar os seus acordos.

Así as cousas, proponse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo, (disposición adicional 2ª.3 TRLCSP/2011), a adopción do seguinte

ACORDO

Impugnar, ante o Xulgado do Mercantil competente da orde xurisdiccional civil , o acordo adoptado polo Consello de Administración de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., en sesión de 18 de novembro de 2016, polo que se resolve solicitar do Xulgado do Mercantil a declaración en concurso de acredores da dita mercantil.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1285).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE CANCELEIRO E SERAFÍN AVENDAÑO. EXPTE. 4015/440.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, de data 9/12/16, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2016 polo que non se admitiu neste procedemento á empresa OGMIOS PROYECTO, SL, por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións previstos na cláusula 14.4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para

consideralas xustificadas, segundo os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos o 5 de decembro de 2016:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S.L.
2. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.
3. ORECO, S.A.
4. COPCISA, S.A.
5. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
6. CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.
7. MISTURAS, S.A.
8. EXTRACO, S.A.
9. ESPINA Y DELFIN, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	93,80
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	93,24
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	92,27
4	UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. E CONSTRUMAX DE CONTRATAS, S.L.	92,20
5	NAROM, S.L.	91,36
6	ELSAMEX, S.A.	90,85
7	UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. E CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, S.L.	90,68
8	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	90,54
9	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – MARCONSA	88,85
10	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	88,34
11	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	86,32
12	UTE ACEVI, SL E MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	83,21
13	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. E ALVAC, S.A.	79,35

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.
5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B das FEC do PCAP ("cando o prazo de garantía ofertado polo adxudicatario

sexa superior á media dos ofertados polos licitadores admitidos") do 4,63 % do importe de adxudicación sen IVE (27.018,32 euros).

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 833,56 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

14(1286).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO (FASE I). EXPTE. 3970/440.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, de data 9/12/16, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos o 5 de decembro de 2016:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PÉREZ, S.L.
3. ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.
4. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO S.A. - ALVAC
5. ELSAMEX, S.A.
6. COPCISA, S.A.
7. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.
8. HORDESCON, S.L.
9. PROYECON GALICIA, S.A.
10. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
11. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
12. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	ORECO, S.A.	85,82
2	CIVISGLOBAL, S.L.U.	81,57
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	81,10
4	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA	79,66
5	ORESA, S.L.	78,77
6	UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	78,16
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	78,08
8	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	77,66
9	UTE CONST. OREGA SL- CONST. DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, S.L.	76,21
10	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - COPSESA	75,25
11	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	74,29
12	UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS	72,58
13	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S.A.	70,10
14	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	67,90
15	GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, S.L.	20,68

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.
5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B das FEC do PCAP (“cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración.”) do 5 % do importe de adxudicación sen IVE.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 623,18 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

15(1287).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO TIPO DUMPER PARA A CARGA DE MATERIAIS DE OBRA. EXPTE. 12225/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5/12/16, e o informe de fiscalización do 9/12/16, dáse conta do informe-proposta de 9/12/16, sinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro delegado de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

I.- Antecedentes.

1.- En data 11.11.2016 a Xunta de Goberno Local acordou: “Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro para a adquisición dun vehículo tipo dumper para carga de materiais de obra (chasis e carrozado) para o Parque Móbil municipal do Concello de Vigo (11789-445) por non terse presentado ningunha proposición no prazo concedido”.

2.- Por parte do Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipal en data 28.11.2016 xustifícase novamente a necesidade da adquisición do citado vehículo, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 29.11.2016 a proposta do Xefe da Área de Inversións resolveu iniciar os tramites administrativos para a contratación da adquisición do citado vehículo.

3.- En data 30.11.2016 o Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais e o Xefe da Área de inversións elaboran unha memoria descriptiva das condicións que debe conter o PCAP, xustificando a utilización do procedemento negociado, e mantendo as condicións iniciais recollidas no expediente declarado deserto, tanto nas condicións esenciais do contrato, como íntegramente o PPT elaborado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais en data 30.06.2016 e xa aprobado no anterior procedimientu pola Xunta de Goberno Local de data 23.09.2016.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

a) Informe xustificativo da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse co contrato e da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais de data 28.11.2016.

b) Resolución de inicio do expediente de contratación, asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 29.11.2016.

c) Prego de prescricións técnicas asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais o 30 de xuño de 2016.

d) Memoria descriptiva e xustificativa do procedemento de adxudicación; do prezo do contrato; do seu financiamento e do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a que se refire o artigo 7.3 da LO 2/2012, de 7 de abril; dos criterios de valoración para a determinación da oferta

economicamente máis vantaxosa e demais aspectos necesarios para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares asinada polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais e o Xefe da Área de Inversións de data 30.11.2016.

f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, de data 02.12.2016.

g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 2 de decembro de 2016.

f) Informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 5 de decembro de 2016.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do TRLCSP.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, procedemento negociado regulado na sección 4ª, capítulo 1, título 1, libro III do TRLCSP, por darse o suposto establecido no artigo 170.c do TRLCS, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se dá preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Cúmprase a condición establecida no artigo 170.c TRLCS que establece que para a utilización do procedemento negociado por causa do mesmo, trar terse seguido un procedemento aberto non se teña presentado ningunha oferta, as condicións iniciais do contrato non se modifiquen sustancialmente.

Sexto.- A Asesoría Xurídica, con data 05.12.2016, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP, en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o preceptivo informe de fiscalización da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento negociado do subministro para a adquisición dun vehículo tipo dumper para carga de materiais de obras (Chasis e carrozado)

Segundo: O prego de prescricións técnicas particulares, que formará parte deste expediente é o redactado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais o 30 de xuño de 2016, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 23 de setembro de 2016.

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 2 de decembro de 2016.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe de CENTO TRINTA MIL (130.000 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 22.561,982 €.

O valor estimado do contrato estipúlase en CENTO SETE MIL CATROCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (107.438,02€)

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida: 9202.624.00.00 "Adquisición vehículos"

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O PRESIDENTE

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

David Regades Fernández

Cayetano Rodríguez Escudero.